

SECCIÓN SINDICAL CIG-SECURITAS PONTEVEDRA

Pasamos a informaros da reunión celebrada onte na empresa, para tratar a petición desta, o posible cambio de cómputo, calendarios laborais e plan de vacacións.

A empresa realizou unha proposta en relación ao cómputo, manifestando o seu interese en volver ao cómputo mensual, para pasar a cobrar as horas extras, volvendo a épocas anteriores, tendo que axustar para isto o plan de vacacións e realizando polo tanto os calendarios con horas extras.

A isto dende a CIG, manifestamos que non íamos a cambiar horas extras por postos de traballo, que estabamos en disposición de estudar propostas de mellora, pero non a costa de emprego. A proposta realizada pola CIG, foi continuar cos calendarios laborais anuais, pero cun cómputo mensual, isto quere dicir que no momento que se recupere a débeda coa que se sae, por exemplo, nun calendario laboral anual de 24H con 5 vixiantes, que son 30 horas de débeda cada traballador, recuperadas estas, se comeza a xerar horas extras e a cobralas a mes vencido. Isto mantería o emprego actual e non poría en perigo postos de traballo. Dentro desta proposta, tamén falamos de ver si faría falta reaxustar os plans de vacacións, para non cargar meses con cuadrantes de mais de 176 horas,

Ademais temos que acabar cos contratos indefinidos a tempo parcial, que aínda existen na delegación, (10 contratos), e convertelos a tempo completo antes da promoción das horas extras. Estes contratos neste intre poden ir converténdose a tempo completo empregando tan só as prexubilacións dos próximos 12 meses.

A empresa quedou en estudar a proposta, e falar con Madrid, xa que o sistema non permite facer neste intre un sistema mixto como o proposto, pero en caso de ser posible parece que non miraría con malos ollos a mesma.

Por parte da CIG, se lle trasladou a empresa o noso desacordo co escrito en relación coa recollida a partir de agora da uniformidade os martes na oficina en horario de tarde, e que pola nosa banda tomaríamos a medidas oportunas para que a uniformidade se seguira repartindo polos servizos, en caso de que a empresa non rectificase na súa decisión. A empresa explicou que existe un malentendido sobre isto, xa que van seguir a repartir a uniformidade como ate agora, pero se hai algún problema puntual coa necesidade dalgunha prenda da uniformidade, esta se poderá ir a recoller a oficina os días sinalados.

SEGUIREMOS INFORMANDO